

Contratación

**ACTA NÚM. 2 DE APERTURA DO SOBRE NÚM. 2: “OFERTA ECONÓMICA” DO EXPEDIENTE DENOMINADO “CONTRATO PRIVADO “ALUGUEIRO DO ALBERGUE MUNICIPAL “VICENTE AGULLÓ”.**

**Expte:3400/2024.**

Data: 15/01/2025  
 Hora: 14:00 horas  
 Procedemento: Aberto.  
 Trámite: Ordinario.  
 Contrato: Privado/Arrendamento.

**Composición da Mesa de Contratación:**

Presidenta: D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Paz Pérez Asorey (Tenente de Alcalde).  
 Vocais:  
     D. César López Arribas (Secretario Xeral).  
     D<sup>a</sup>. Susana Souto López (Interventora).  
     D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Teresa Aller Gude (Administrativa Axenda Urbana).  
 Secretaria: D. Fátima Cortizo Seijas (Técnica de Contratación).

Iníciase o acto do expediente arriba referenciado, procedendo por parte da secretaria a darlle conta ao resto dos compoñentes do informe de valoración dos proxectos técnicos emitido polo técnico municipal, Hervé Fernández Estévez, que se xunta a este expediente, e no que se resumen as seguintes puntuacións:

APARTADOS DE LA MEMORIA		PUNTUACIÓN	JOSE ANTONIO ASOREY	EDUVÍA S.L.
1.- MEMORIA DESCRIPTIVA DEL PROCESO DE EJECUCIÓN	1.- CONDICIONES ESPECIALES DE USO PARA EL CONCELLO	30	24,00	22,00
	1.2.- PROPOSICIÓN INNOVADORA DE LA ACTIVIDAD	10	7,5	8,00
	1.3.- IMPACTO AMBIENTAL DE LA PROPUESTA	10	5,00	5,00
	1.4.- ATRACCIÓN DE VISITANTES.	10	10,00	9,00
<b>TOTALES</b>		<b>60,00</b>	<b>46,50</b>	<b>44,00</b>

No informe figuran as fichas individualizadas da valoración de cada propoñente, coas puntuacións obtidas en relación coas ofertas presentadas, así coma a análise de cada un dos criterios valorados que establecen as bases e que será publicado xunto a esta acta na Plataforma de Contratación do Sector Público.

Analizado o citado informe e as respectivas valoracións individuais, a mesa de contratación acepta o mesmo, procedendo a apertura do sobre número 2 que contén as ofertas económicas, obténdose os seguintes resultados:



**1º PROPOSICIÓN NÚM. 1:** Presentada por **JOSE ANTONIO ASOREY TORRES** con NIF \*\*814\*\*\*\* o día 30 de decembro de 2024 ás 12:53 horas. Ofrece realizar o contrato polo seguinte prezo: 2.600 €/ anuais. Na oferta comprométese a realizar as seguintes prestacións e polo importe que, a continuación, se detalla:

“(...)

2º.- *Que oferta polo alugueiro do albergue o seguinte en canon metálico: 2.600 €*

3º.- *Que se compromete a acometer os traballos de limpeza da parcela circundante formada pola zona de aparcamento, zona axardinada e entorno do albergue delimitado polo sendeiro exterior que supón unha superficie dunhas 13 ha.*

4º.- *Que os días nos cales se exercerá a actividade no albergue son os seguintes e co horario de apertura que a continuación se indica:*

*De luns a domingo en horario de 10:00h. a 21:00h.*

5º.- *Comprométese a poñer a disposición do Concello as instalacións durante 10 días hábiles coas correspondentes noites co obxecto de celebrar os campamento de Verán que se organizan de forma anual.*

(...)”

**PROPOSICIÓN NÚM. 2:** Presentada por **EDUVIA XESTIÓN CULTURA E LECER S.L** con CIF núm:B-94054137 o día 3 de xaneiro de 2025 ás 12:54 horas. Ofrece executar o contrato polo seguinte prezo: 2.400 €/anuais. Na oferta comprométese a realizar as seguintes prestacións e polo importe que, a continuación, se detalla: :

“(...)

2º .- *Que a oferta polo alugueiro do albergue é o seguinte canon en metálico: 2.400 €/ anuais.*

3º .- *Que se compromete a acometer os traballos de limpeza da parcela circundante formada pola zona de aparcamento, zona axardinada e entorno do albergue delimitado polo sendeiro exterior que supón unha superficie dunhas 13 ha.*

4º .- *Que os días nos cales se exercerá a actividade no albergue son os seguintes: todos os días do ano, excepto do 1 ao 15 de setembro, sempre que exista ocupación hoteleira ou reserva previa de aloxamento ou de actividade; co horario de apertura de 9 a 24 horas.*

5º .- *Que a empresa licitadora ten unha experiencia previa de 13 anos realizando actividades similares de xestión de actividades de lecer e tempo libre.*

6º .- *Comprométese a poñer a disposición do Concello as instalacións durante 40 días anuais, coas correspondentes noites co obxecto de celebrar os campamento de verán que se organizan de forma anual, máis 100 prazas de aloxamento anuais con durmida, de acordo coas condicións ofertadas no apartado 4 do proxecto "Espazo Mouriscade".*

(...)”

Tendo en conta que as ofertas presentadas son correctas e cumpren cos requisitos establecidos nas bases, procédese a calcular a puntuación total acadada polas empresas:



LICITADOR	Valoración xuízos de Valor MÁX. 60 PUNTOS	Criterios avaliados automaticamente		VALORACIÓN TOTAL
		2.- Prezo ofertado para a parte en metálico do canon	40 puntos	
JOSE ANTONIO ASOREY TORRES	46,50 Puntos.	2.600,00 €	40,00	86,5
EDUVIA XESTIÓN CULTURA E LECER S.L	44,00 Puntos.	2.400,00 €	36,92	80,92
Criterios avaliación:		FÓRMULA OFERTA ECONOMICA P= P max (Of i / Of max)		

Xa que logo, tendo en conta to do o anteriormente exposto a Mesa de contratación **acorda** por unanimidade dos seus asistentes, **ACORDA**:

**Primeiro.-** Autorizar á Secretaria da mesa, para que lle requira a **D. JOSE ANTONIO ASOREY TORRES** con NIF \*\*814\*\*\*\* quen obtivo a maior puntuación (86,5) para que no prazo de 10 días hábiles presente a seguinte documentación:

- *Copia do DNI.*

- *Documento acreditativo de dispoñer de un seguro ou proposta de seguro de responsabilidade civil cunha **cobertura mínima de 60.000,00 €.***

- *Documentación acreditativa de estar ao corrente cos deberes tributarios coa **Seguridade Social.***

- *Documentación acreditativa de estar ao corrente cos deberes tributarios coa **Axencia Estatal da Administración Tributaria.***

- *Documentación acreditativa de estar ao corrente cos deberes tributarios coa **Axencia Tributaria de Galicia.***

- *Documento que acredite a constitución da garantía definitiva por importe de **2.769,64 €.***

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que a persoa licitadora retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación á licitadora seguinte, pola orde na que quedarán clasificadas as ofertas.

**Segundo.-** Autorizar á Secretaria da Mesa para que proceda a solicitar e incorporar ao expediente o certificado de ausencia de débedas co Concello de Lalín do licitador.

**Terceiro.-** Publicar esta acta e o informe de valoración dos proxectos técnicos na Plataforma de Contratos do Sector Público.

E non sendo outro o obxecto da reunión levántase a sesión, da que eu como Secretaria da Mesa de contratación dou fe.

*Documento asinado electronicamente á marxe*

